

Comunicado nº 213/19

16 de setembro de 2019

❑ NOMEAMENTO NOVO PRESIDENTE COMISIÓN AUTOCROSS / RALLYCROSS:

Noméase Presidente e Observador da especialidade de Autocross-Rallycross a Don Javier Iglesias Ferrin, así como membro nato da Xunta Directiva da Federación Galega de Automobilismo. O pasado sábado xa exerceu na reunión do Alcalde-Presidente, do Excmo. Concello de Arteixo, e do Presidente, da Federación Galega de Automobilismo; onde se desbloqueou a utilización do Circuito José Ramón Losada para facer probas do Campionato de Galicia de Autocross a partir do segundo semestre do ano 2020 e vindeiros.

❑ ADVERTENCIA PARTICIPANTES DE MONTAÑA:

Ante o sucedido na XX Subida A Escusa, na vila de Poio, onde varios participantes facían trompos e condución indebida de volta o parque de traballo, despois de celebrada cada manga de competición; advirtese os vehículos "0" e "00" que en todo momento teñen que baixalos vehículos comprimidos, sen separación e baixo un control estricto e a velocidade moi moderada. Asímesmo notificase aos participantes, moi en especial os de regularidade, que a partir da data requirírase os Colexios de Comisarios Deportivos para que calquera conducta anti-deportiva sexa sancionada con "**Exclusión**" con posterior traslado o Tribunal Nacional de Apelación da Federación Galega de Automobilismo, para depuralas presuntas conductas antideportivas non axustadas o Regulamento da proba e do Anuario Deportivo.

❑ PRECALENDARIO 2020:

Ante a avalancha de solicitudes de organización de probas para a tempada 2.020, de Escuderías e Excmos. Concellos, adiantase un precalendario para que a Xunta Directiva-Comisión Delegada, da Federación Galega de Automobilismo, tome as medidas de contención necesarias antes da Asemblea Extraordinaria, para calendalas probas para a tempada 2020, o vindeiro día 5 de Decembro de 2019, no Edificio Administrativo da Xunta de Galicia, Casa de Chocolate, na Avda da Habana 79 Baixo, de Ourense.

❑ OTORGAMENTO DE NÚMEROS DE COMPETICIÓN A PARTIR DA TEMPADA 2020, INCLUSIVE:

Ante a falta de criterio , dos Comités Organizadores das probas, onde non se respecta os participantes asiduos, de calidade , nos diferentes Campionatos de Galicia de Automobilismo; crearase unha "Comisión Avaliadora" para correxilas listas de inscritos, con imparcialidade e tendo en conta os "Equipos Prioritarios" de cada Campionato para facelas listas de participación axustadas as necesidades deportivas con máis acerto e xustiza deportiva.

A principios da Tempada 2020 informarase por comunicado, e no anuario 2020, como teñen que solicitar os equipos en formulario para tentar ser admitidos, pola Federación Galega de Automobilismo, no arquivo de "Pilotos Prioritarios" nos diferentes Campionatos de Galicia de Automobilismo publicará trimestralmente a aceptación ou denegación das solicitudes.

❑ NOMEAMENTO NOVO OBSERVADOR:

A partir da data noméase novo Observador da Especialidade de Rallymix, a Don Bruno Trajano Rivera Pazos, o que elevará informe ao efecto así como documento de seguridade de cada evento.